



Sr./a. Director/a:

Coa finalidade de que o proceso das probas de Avaliación de Bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) teña o menor número posible de incidencias, esta Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) prégalles a maior difusión posible entre o alumnado de 2º de Bacharelato e /ou o alumnado de F.P que no presente curso se presente ás probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) das seguintes

INSTRUCCIÓNS

PRESENTACIÓN DO ALUMNADO AOS EXAMES:

Todos os alumnos e alumnas deberán acudir á Presentación o primeiro día das probas ás 9.00 h. da mañá e logo presentarse á realización dos exercicios á hora sinalada para o comezo de cada un deles. O alumnado que só se examina da parte voluntaria e non teña erros na súa matrícula poden presentarse no momento de realizar os exames.

Para a realización dos exames, o alumnado deberá levar consigo:

- **D.N.I** ou documento identificativo: pasaporte, permiso de residencia, etc.
- **Bolígrafo** ou pluma de tinta azul e /ou negra imborrable.
- **Material** axeitado para a realización do exercicio correspondente á materia de Debuxo Técnico II e Deseño, así como diccionario de Latín-Español e/ou Grego-Español e calculadora (véxanse indicacións máis abaixo)

No momento da presentación, o tribuna asignaralle un posto de exame a cada alumno/a.

ERROS NA MATRÍCULA DA ABAU:

Aquel alumno ou alumna que detecte algún erro na súa matrícula da ABAU deberá comunicarlle ao Presidente da correspondente Comisión Delegada na hora establecida para a presentación (9.00 a 10.00 horas), mediante solicitude no formulario oficial que estará a disposición do alumnado na sede da Comisión Delegada.

Unha vez finalizada a hora de presentación do primeiro día das probas, non se permitirá ningún cambio. A aquel alumno ou alumna que se examine dunha opción distinta á que figure na súa matrícula e/ou na solicitude de cambio de matrícula que se entregase ao presidente da



Comisión Delegada, anularáselle o exame da materia ou materias que non figuren na súa matrícula e /ou na solicitude de cambio de matrícula.

REALIZACIÓN DOS EXAMES:

Ao empezar as probas, o alumnado recibirá un xogo de adhesivos de código de barras que os identifica. As etiquetas de identificación son persoais e intransferibles.

É fundamental o bo coidado destas etiquetas de identificación . Para evitar o seu deterioro e as posibles dificultades de identificación non deben dobrarse nin modificarse de ningún xeito. Recoméndaselle tamén que non as deixen nas aulas nin ao alcance de persoas estrañas.

Todos os alumnos e alumnas deberán manter os pavillóns auditivos despexados para a verificación de que non se usan dispositivos auditivos non permitidos.

ANONIMATO:

Os exámenes son anónimos e non poden asinarse nin deberán presentar marcas de ningún tipo (fluorescentes, subliñados en cor, etc.) que poidan permitir una eventual identificación persoal. Non observar esta norma pode ser causa de anulación do exame.

CADERNO DE EXAMES: En cada una das probas entregaráselle a cada estudante un caderno de exame formado por dúas follas A-3 (7 páxinas A-4 en branco) e unha cabeceira adhesiva (portada). Para redactar as respostas o alumnado pode utilizar as 7 páxinas en branco.

En cada exercicio só se pode utilizar un único caderno de exame ao que non se lle poderán arricar nin engadir follas.

Cada exercicio presenta dúas opcións (A ou B), o alumnado deberá escoller únicamente unha delas para realizar a proba, que debe ser marcada cun X na portada do caderno de exame.

Non se poderá abandonar a aula ata transcorrer media hora (30 minutos) desde o comezo de cada exercicio. Trala distribución dos exames todas as persoas (alumnos/as, vogais da CD e representantes de centro) deberán permanecer na aula na primeira media hora de cada exame. Quedan excluídos desta obriga os presidentes e secretarios das CD e, de ser o caso, os membros da comisión organizadora das probas (CiUG).

O acceso á aula de exame implica sempre a entrega obrigatoria do caderno de exame debidamente etiquetado, aínda que se deixase en branco.

Os exames deberán entregarse a un membro do Tribunal, para que este comprobe que se lle entrega nas condicións debidas. En ningún caso se deixarán os exames enriba das mesas.

Se un estudante non se presenta a algún dos exercicios da Parte Obrigatoria da ABAU, na cualificación correspondente figurará **NON PRESENTADO (NP)**, pero a efectos do calculo da **Nota Media computará como 0.**



MATERIAL ESPECÍFICO PERMITIDO:

Diccionarios:

- **Exame de Latín II:** no exame de Latín II poderá utilizarse o dicionario de Latín-Español permitíndose o uso dos seus apéndices gramaticais pero non daquelas páxinas (interiores ou apéndices) con contidos literarios e de evolución do latín ao español. Neste caso graparanse o separaranse as páxinas mencionadas antes do comezo do exame.
- **Exame de Grego II:** Pódese utilizar calquera dicionario de Grego-Español e o seu apéndice gramatical.

Nota: Os vogais das Comisións Delegadas poderán revisar os apéndices gramaticais para comprobar que nos mesmos non hai anotacións. De detectarse anotacións nos mesmos instaráselle ao alumno ou alumna a saír da aula e nese exame poráselle unha cualificación de 0 puntos.

Calculadoras: poderase utilizr calculadora exclusivamente nos exercicios de Matemáticas II, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais, Física, Química e Economía da Empresa.

- Permitirase o uso de calculadoras non programables e que non teñan capacidade gráfica
- Non poderá haber nada escrito nas calculadoras ou nas súas fundas
- No caso de dúbida sobre a validez dun determinado modelo de calculadora, o Tribunal requiriralle ao alumno ou alumna a calculadora para facer unha valoración das súas características. De comprobarse que a calculadora é programable e /ou con capacidade gráfica, retiráselle a mesma e non se lle permitirá o uso de outro dispositivo aínda que este cumpra os requisitos.

MATERIAL NON PERMITIDO:

Teléfonos móbiles, smartwatch ou calquera outro dispositivo electrónico. Aos lugares de realización dos exames non está permitida a asistencia con teléfonos móbiles, smartwatch, nin outros dispositivos electrónicos (incluso apagados).

Especialmente no caso dos reloxos intelixentes, lémbrese que tampouco poden ser utilizados en modo reloxo convencional.



Os vogais das Comisións Delegadas terán especial coidado en que no posto de exame o alumnado non teña consigo o teléfono móbil ni ningún smartwatch ou calquera outro aparato electrónico, agás as calculadoras non programables permitidas.

A presenza de material non permitido no posto de exame será motivo de medida disciplinaria: ao alumno ou alumna instaráselle a saír da aula e nese exame poráselle unha cualificación de 0 puntos.

COPIA E SANCIÓN:

No caso de que un membro do Tribunal detecte a algún alumno ou alumna copiando ou non respetando estas instrucións, logo da súa correcta identificación, instaráselle a saír da aula e nese exame poráselle unha cualificación de 0 puntos. Ademais, a comisión organizadora das probas determinará as posibles sancións que se lle aplicarán, que poden implicar a anulación total da ABAU.

Agradecéndolle de antemán a súa colaboración, reciba un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, a 14 de maio de 2019.

O Presidente da CiUG


Celso Rodríguez Fernández

CiUG
COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA
DISTRITO UNIVERSITARIO ÚNICO
GALICIA